

Escasez de sorpresas

Desde o “soño americano”



DOLORES MARTÍNEZ TORRES

O escritor Francisco Álvarez reside en Nova York, onde realiza labores culturais no eido da literatura hispanoamericana, e é autor dunha abundante obra poética en galego e castelán. Esta colección de dezaioito relatos breves, que recollen historias da emigración, supoñe a súa primeira incursión na narrativa.

A obra incide nos aspectos menos fotoxénicos do soño americano: a miseria económica e espiritual, a hipocrisía, a explotación dos estranxeiros, a loita sen cuartel pola supervivencia, o mercantilismo máis desapiadado... Tamén nos vínculos coa terra e na xustiza. No corazón podre da Gran Mazá é posible que un rapaz morra devorado polas ratas mentres os animais de compañía gozan de funerais de luxo ou almorzan, a plato servido, en restaurantes onde non se lles permite a entrada a moitos homes. Para as xentes de variada procedencia que acoden á cidade en busca de

oportunida-

des, o éxito

só parece es-

tar ao alcance

de quen re-

nuncia aos

escrúpulos e

á integridade

moral: “A vi-

da en Nova

York é máis

fácil para os

ignorantes e

tamén para

os lambecús”.

Velaí o irlan-

dés que falsi-

fica sen pu-

dor a súa

biografía e

chega a em-

baixador lau-

reado; os ca-

ma reiros

que, por

congraciarse

co seu xefe,

arroxan

cruelmente á

rúa un vello va-

gabundo morto de

frío; ou o prototipo do

emigrante avaro, bruto e

desaprensivo, que amasa a

súa fortuna á costa do sufri-

mento alleo e que, cando retorna a

Galicia, é recibido cos brazos abertos

por banqueiros e caciques, coma un grande triunfa-

dor. Xunto a eles, feridos de morriña, loitadores an-

ti-franquistas, traballadores ilegais, tipos pintorescos

e outros “refugallos da vida que deambulan, perdi-

das a razón e a dignidade, polas rúas neoiorquinas”,

son rescatados das sombras e convírtense en prota-

gonistas destes relatos, herdeiros dos clásicos “contos

de indianos” e baseados, con frecuencia, nas expe-

riencias reais dos que se atopan “na vertixe espiral da

emigración, condenados á nostalxia”.

O autor semella ter moi claras as súas simpatías e antipatías, así como unha solidaria conciencia, sensible aos heroísmos cotiás. Sen embargo, na miña opinión, o estilo narrativo -repeticións léxicas, anécdotas magnificadas, tópicos- desmerece o valor do conxunto, escaso de sorpresas.



ÁLVAREZ, Francisco, *Ratas en Manhattan*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2007, 116 páxinas.